

MEMORIA TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO 2026-2028.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar un Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consello Superior de Investigacións Científicas – CSIC (Instituto Estudos Galegos Padre Sarmiento), para instrumentar unha subvención destinada ao desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. O instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2028, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consello Superior de Investigacións Científicas – CSIC (Instituto Estudos Galegos Padre Sarmiento) para o desenvolvemento das seguintes liñas de investigación Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento:

- Reforzo da liña de investigación sobre Patrimonio e identidade en Galicia: historia social do poder desde a Idade Media.
- Reforzo da liña de investigación sobre Paisaxes, colectivos e institucións culturais de Galicia.
- Reforzo da transferencia do coñecemento e da asesoría técnica en ámbitos de estudo relacionados co Patrimonio Cultural de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS) é un centro de investigación propio do CSIC, que ten como obxectivos a análise do patrimonio e o seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia e dos galegos desde os séculos medievais ata a actualidade.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias sobre investigación científica e técnica de acordo co artigo 27-19º da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro do ámbito das súas competencias, móstrase receptiva a todas aquelas iniciativas que teñan por obxecto a investigación e difusión do Patrimonio Cultural de Galicia.

Que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 122 establece as obrigacións da Xunta de Galicia en materia de difusión, formación e educación, determinándose no seu punto 3º que “promoverá a formación, o ensino especializado e a investigación nas materias relativas ao estudo, á conservación e ao enriquecemento do patrimonio cultural e establecerá os medios de colaboración adecuados para este fin coas universidades e os centros de formación e investigación especializados”.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

